

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 7 DE XUÑO DE 2012.**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:04 horas do 7 de xuño de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnese no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez  
D. Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto, realizada coa antelación regulamentaria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e orde do día, no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, di que antes comezar coa orde do día, hai unha serie de puntos que non pasaron pola comisión informativa, e polo tanto non foron ditaminados, como as mocións, proposicións e demais polo que terán que ratificarse para quedar incluídos na orde do día.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a ratificación das asuntos incluídos na orde do día sendo aprobada en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

Procédese de seguido á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### **1 Actas do Pleno das sesións celebradas os días 17 de abril e 3 de maio de 2012.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer as actas das sesións celebradas polo Pleno os días 17 de abril e 3 de maio de 2012 e non formulándose ningunha, as devanditas actas resultan aprobadas por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

### **2 Ditame da Comisión de Medio Ambiente, Sanidade, Educación e Servizos, sobre modificación do regulamento de xestión do Punto Limpo do Concello do Barco de Valdeorras.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde di que el vai a dar lectura do ditame, do acordo en sí, e despois a defensa e a explicación do ditame o fará o concelleiro delegado de medio ambiente. Di que se somete a aprobación do Pleno, e que así foi ditaminado pola comisión informativa celebrada o 30 de maio de 2012, por cinco votos a favor e tres abstencións, o seguinte acordo, dando lectura o ditame que copiado literalmente di: “PRIMEIRO: Aprobar inicialmente as modificacións dos artigos do Regulamento de xestión do punto limpo do concello do Barco de Valdeorras (publicado definitivamente no BOP. de 15 de xullo de 2009) que se transcriben como anexo. SEGUNDO: Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas. TERCEIRO: Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado.” Segue a dicir o Sr. Alcalde que na comisión de medioambiente producíronse varios acordos de modificación da propia modificación do regulamento, que están perfectamente explicados na acta de dita comisión, e que o que se vai a debater non é a proposta da comisión senón a proposta que saíu da comisión con todas as modificacións.

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de medioambiente, Sr. Alonso Araújo, que fai uso dela para dicir que hai que diferenciar as modificacións que se fixeron, pois algunhas son de carácter máis bien

técnico. Prosegue o Sr. Alonso Araújo explicando unha a unha as modificacións introducidas: di que no artigo 2 faise unha modificación técnica substituíndose o concepto “provedor” por “produtor”; que no artigo 3 fíxose un cambio para darlle o uso exclusivo do punto limpo aos veciños do Barco, ó detectarse que estaba sendo utilizado por xente doutros concellos que tiñan alí o seu propio punto limpo pero que non o utilizaban porque lle cobraban polos verquidos; que no artigo 4 faise unha pequena reforma para poder delegar a xestión do punto limpo a unha empresa externa; que no artigo 5 se reitera o mesmo que o artigo 3, que se recollen os residuos xerados no termo municipal do Barco de Valdeorras; que no artigo 6 inclúese unha nova catalogación das tipoloxías de residuos feita pola técnica de medioambiente; que no artigo 7 se fai unha pequena variación en canto ás formas de presentación dos residuos, ampliando o punto cinco; que no artigo 9 pónense as cantidades máximas admitidas por usuario e mes; que no artigo 11 fixéronse unhas pequenas modificacións referidas ó funcionamento e xestión; que no artigo 13 redáctase de novo o apartado relativo á taxa pola entrega dos residuos, polo que poderán ser financiados os custos do servizo do punto limpo; que no artigo 15 hai unha pequena variación técnica sobre as prohibicións dos depositantes de residuos; que no artigo 16, relativo ás infraccións, engádese outra tipoloxía de infraccións, as moi graves coa súa catalogación; que no artigo 17 aparece o importe das sancións moi graves e que no artigo 18 aparecen as prescricións das sancións por faltas moi graves.

Di o concelleiro que as citadas son todas as variacións ou modificacións que se fixeron no regulamento e que tamén quere comunicar aos asistentes que está aprobado xa un novo horario, que non ten porqué figurar no regulamento, segundo o artigo 12 do mesmo, pois será o Concello o que o determinará en función das necesidades. Di que se fixo a petición da empresa, pois detectaron que os sábados pola tarde o punto limpo tiña un uso escaso ou nulo, pero que co novo horario fanse as mesmas 40 horas de traballo.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida, fai uso dela, saudando en primeiro lugar a unha excompañeira de Corporación, presente no salón de Plenos. Di que o seu Grupo político participou, a través das comisións informativas, dunha forma activa no presente debate, e que tamén quere sinalar que hai algúns erros, máis ben técnicos, no texto do ditame. Di o concelleiro que están de acordo con case todas as modificacións plantexadas polo Sr. Araújo, pero que nalgúns discrepan, como nas cantidades de residuos máximas admitidas por usuario, pois calquera obra que se faga nunha casa, por pequena que sexa, xenera máis entullos do que parece e pódese identificar perfectamente cando é un entullo

dunha obra no fogar e cando é dun constructor. Di que un tema que lle preocupa bastante é o da utilización do punto limpo soamente polos cidadáns do Barco de Valdeorras, que estando de acordo en principio é un pouco contradictorio co debate dos últimos meses, semanas ou incluso horas no Concello do Barco de Valdeorras, pois está a piques de empezar a funcionar un consorcio de augas, xestionando todas as augas da Comarca de Valdeorras, intentando presentar proxectos comúns con outros Concellos, como convenios con Vilamartín de Valdeorras, e chegar a acordos de mancomunar servizos, entón non é unha boa presentación que figure deste xeito no regulamento. Pide ó Sr. Alcalde que deixe sobre a mesa o regulamento e que se intente chegar a algún punto de colaboración cos alcaldes da comarca, pois si non se lle recolle a algunha persoa uns residuos no punto limpo, por non estar empadroadado no Barco de Valdeorras, é moi difícil que volva con eles a súa casa, e que eso o saben todos. Di que a proposta do seu Grupo é esa, que o Alcalde do Barco de Valdeorras se sente a dialogar cos Alcaldes dos Concellos limítrofes, que é un bo momento para recuperar o espírito comarcal, e no caso de non chegar a algún acordo sería mellor recollerlle os residuos e cobrarlle, pois ao seu xuízo esos residuos non van ir a ningún punto limpo. Dille ó concelleiro de medioambiente que no relativo á prohibición do acceso ás persoas que non leven ningún tipo de residuos, debería selle facilitar á xente que lle gusta restaurar aparellos, mobles, etc., un espacio debidamente acotado para poder facelo e de paso axudar a reciclar, aínda que si que está de acordo en que se poñan límites ó acceso ó punto limpo.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida di que o Grupo de Goberno vai por libre e endurece aínda máis as normas do punto limpo desoíndo á veciñanza e ó BNG. Di que se modifica o regulamento para a xestión do punto limpo despois de ter sido un tema de debate na rúa, propiciado polas estritas normas que a empresa concesionaria ten á hora da recepción do lixo nas instalacións de Vilaira, que o seu Grupo, o BNG, pediu que se flexibilizase a normativa para paliar os múltiples vertedoiros incontrolados que hai no Barco de Valdeorras, localizados, sobre todo, no rural, facilitando a tarefa de entrega de residuos no punto limpo polos veciños. Di que os cambios no regulamento confirma que o que lle interesa ó Grupo de Goberno é facilitar o traballo ás empresas concesionarias dos servizos públicos, que son moitas as cousas que cambian co novo regulamento aínda que non en beneficio dos usuarios, pois, por exemplo, pese as queixas da veciñanza redúcese aínda máis a cantidade de residuos admitida, sancionándose o incumprimento dos máximos con multas de ata 750 €. Di o concelleiro que sobre a proposta da que falaba o voceiro do PP, da reutilización de residuos como os mobles ou incluso pezas de

ordenadores, tense falado moito e o Concello segue a negarse, aínda que segue a falar de sostibilidade e a facer campañas en prol do medioambiente, por todo iso o seu Grupo vai seguir en contra destas normas restritivas.

O Sr. Alonso Araújo fai uso da palabra para dicir que o do espírito comarcal, do que fala o voceiro do PP, é boa pero que o punto limpo está dimensionado como está dimensionado, que xa faláron coa empresa concesionaria e que é un punto limpo que está utilizado nun moi alto porcentaxe, aínda que non está no colapso nin cerca del pero o uso que se lle está dando, á vista das cantidades de toneladas de distintos materiais que se recolleron no punto limpo durante o ano pasado, a verdade é que impresiona, e que todos eses datos están a disposición de tódolos concelleiros. Di o concelleiro que o punto limpo ten a operatividade que ten e que lle está custando ó Concello do Barco de Valdeorras un diñeiro que dalgún xeito ten que ser sufragado, pois son gastos mensuais de persoal, maquinaria, etc., pagados dende o propio Concello, polo tanto calquera recollida de lixo que se faga doutros concellos estase sufragando polos veciños do Barco de Valdeorras. Di o Sr. Alonso que o do acceso prohibido é evidente porque solo se permite a entrada ós usuarios e que se houbera un apartado para mobles e cousas que puideran ser reutilizadas necesitaríase un espacio, unha nave, un persoal que o atendera e que o Concello non ten nada diso, e que ademais habería que contar coa autorización dos veciños que depositan alí eses produtos para que puidera levalos alguén que estea interesado. En relación co dito polo voceiro do BNG sobre as estritas normas do punto limpo, desoíndo á veciñanza, e a redución das cantidades de residuos admitidas, o concelleiro fai lectura de datos de varios concellos de Galicia, gobernados por distintos partidos, entre eles o BNG, concluindo que o Concello do Barco está perfectamente na media ou incluso admitindo máis peso de residuos co que recollemos, e que si non se pode recoller máis é porque non ten capacidade o punto limpo do Barco de Valdeorras.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que as cantidades das que fala o concelleiro de medioambiente son para estar satisfeitos, que a cidadanía do Barco de Valdeorras cumpre as expectativas e quere deixar os residuos alí, entón eso que dice é un argumento de peso suficiente para estudar, en función da demanda que hai, unha posible ampliación do punto limpo, noutro lugar ou no mesmo, e de persoal ou de servicios. Di o concelleiro en relación con que se estaría sufragando a recollida de lixo que se faga doutros concellos, que habería que chegar a un acordo, a un convenio de colaboración e senón, que se poña unha taxa, pero que non volvan con eses residuos para as súas casas, e de que lle gustaría saber tamén realmente cántas poden ser as persoas que traen o lixo ó punto

limpo dende os concellos limítrofes. Di o Sr. Blanco que cre que non é acertado lanzar esa mensaxe cando o Sr. Alcalde di todos os días que hai que mancomunar servizos, polo que se non se rectifica esa parte o seu Grupo non poderá apoiar a modificación que se propón, pois é unha cuestión moi importante e non pasaría nada por deixar hoxe o asunto sobre a mesa.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida di que lle quería recordar ao concelleiro delegado de medioambiente, sanidade e educación que é concelleiro do Barco de Valdeorras e non doutro concello. Di que xa o BNG fixo unha proposta para habilitar unha zona do propio punto limpo para que se puidera visualizar as cousas dende fora sen entrar no punto limpo. Di que en canto as cantidades que dixo o concelleiro non se corresponden coa realidade, pois calquera obra menor ou reforma xenera moita máis cantidade de residuos dos que dixo. Di que o Grupo de Goberno segue a pechar os ollos e non ve os vertedoiros que hai por todo o Concello e que unha das formas de evitar ou minimizar estes vertedoiros sería flexibilizar esta norma.

Solicita a palabra o Sr. Alonso Araújo, para dicir que quere aclarar o do tema das cantidades de lixo xerado nas obras. Di o concelleiro que, como técnico no mundo da construción, pode dicir que as cantidades maiores segundo a Lei de Residuos de Construción que está en vigor en España, se teñen que xestionar a través dunha empresa autorizada.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para dicir que non se pode confundir o residuo sólido urbano dunha pequena obra na casa, que pode facela o propietario da mesma, cunha reforma da casa feita por un construtor, que non pode depositar eses residuos no punto limpo, que para saber o que é un punto limpo hai que ter clara esa diferenza. Di o Sr. Alcalde, que contesta ao voceiro do BNG, que os socialistas do Barco de Valdeorras poden ir contra o BNG pero non contra a veciñanza, que son conceptos diferentes, que o Sr. Sierra non se pode crer o voceiro dos veciños do Barco de Valdeorras e que como moito pode ser o voceiro dos que o votaron. Prosegue dicindo o Sr. Alcalde que cando durante moito tempo se permitía sacar os mobles e utensilios do punto limpo terminou sendo un caos, porque a xente revolvía todo e ata rompía os mobles. Di que cando a empresa recibe a petición dalgún veciño que quere levar algunha cousa do punto limpo non lle pon ningún problema e a leva. Di que segundo o regulamento non se pode sacar ningún material do punto limpo sen a autorización do xestor, pero que sempre houbo flexibilidade e a seguirá habendo. Di o Sr. Alcalde, contestándolle ó voceiro do PP, que non se poden resolver nun mes todos os problemas de cooperación comarcal, que aínda que o Concello do Barco de Valdeorras non ten problema en chegar a

acordos cos concellos limítrofes para a prestación de servizos hai que falalo, como se está a facer agora con temas como o da depuración das augas residuais, e se chegan acordos modificarase o regulamento, pero que agora están con outros temas o que non quere dicir que non estean abertos a chegar a acordos e mellorar o regulamento. Di que, de todas formas, o que procede hoxe legalmente é ditaminar o que ven na orde do día, e o outro asunto deixalo para estudo.

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo que quere aclarar con respecto ó posible uso de xente allea ó punto limpo das instalacións ade entrar alí, que hai que ter claro que é un centro de traballo, cunha lexislación laboral e de riscos laborais, e que si alguén que rebusque no material alí depositado para reutilizar ten un pequeno accidente, coma un corte, ó día seguinte temos unha denuncia no concello.

O Sr. Alcalde di que se vai proceder á votación do ditame da comisión informativa coas modificacións que se acordaron sobre a proposta da concellería e coas correccións sinaladas polo voceiro do Grupo Municipal do P.P., rematado o debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por 9 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do PSOE) e 8 votos en contra (dos concelleiros dos grupos municipais do PP e do BNG) acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente as modificacións dos artigos do Regulamento de xestión do punto limpo do concello do Barco de Valdeorras (publicado definitivamente no BOP. de 15 de xullo de 2009) que se transcriben como anexo.

**SEGUNDO:** Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO:** Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado.

**Anexo:**

No art. 2 apartado C desaparece o concepto “provedor” que se sustitue por “produtor”, quedando recollido así: “*C. Produtor: persoa física ou xurídica cuxa actividade produce residuos (produtor inicial de residuos), e que fai entrega deses residuos no punto limpo*”.

No art. 3 apartado 2. Obxectivos, engádesse o concepto do termo municipal do Barco de Valdeorras, de xeito que no regulamento se recolla que o servizo

será para os veciños do Barco, quedando redactado así: *“Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario do termo municipal do Barco de Valdeorras.”*

O art. 4 quedaría redactado así: *“Delegación da xestión. O concello poderá delegar a xestión dos residuos recollidos no punto limpo a unha empresa xestora externa debidamente autorizada.”*

No art. 5. Prestación do servizo, suprímese algún punto e modifícanse outros, quedando redactado así *“Artigo 5. Prestación do servizo. Para a utilización do punto limpo terase en conta que: 1. Soamente se admiten residuos xerados por particulares e os producidos en pequenos comercios, oficinas e servizos cando sexan asimilables a urbanos ou municipais. 2. Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. 3. No punto limpo recolleranse os residuos xerados no termo municipal do Barco de Valdeorras”*

No art. 7. Formas de presentación dos residuos, o punto 5 amplíase quedando recollido así: *“Aceites minerais ou vexetais: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico de 25 quilos como máximo”.*

No art. 9. Cantidades máximas admisibles de residuos, cambian as cantidades máximas admitidas por usuario/semana, pasando a ser usuario/mes, quedan modificadas as seguintes: *“Vidro plano e cristais varios; máximo de 0,5 m3. Entullos de obras menores; máximo de 0,5m3 ou 250 quilos. Disolvente non haloxenado; máximo de 5 litros. Electrodoméstico; .máximo de 5 unidades. Cubertas de rodas; máximo 4 unidades. Tóner e cartuchos de impresión; máximo de 2 unidades.”*

O Sr. Presidente recorda o dito na anterior Comisión sobre os residuos da construción e respecto da súa redución, non é tal, pois son unhas cantidades grandes suficientes para obras menores de particulares, e, si se trata de construtores teñen unhas obrigas por lei.

No art. 11. Funcionamento e xestión. Aquí modifícanse os seguintes puntos: *“Punto 1. Para que o servizo que se presta no punto limpo sexa o correcto é necesario que os usuarios acheguen os residuos previamente separados e os depositen eles mesmos nos colectores específicos para cada fracción.*

*Punto 2. Á entrada do recinto, o persoal do punto limpo informará ós usuarios sobre a forma de realiza-lo depósito de cada un dos residuos e da localización dos diferentes colectores.*

*Punto 13. O acceso o punto limpo estará totalmente prohibido a todo aquel que non faga achega de residuos. Tamén se prohibirá a recuperación de materiais no interior das instalacións, sen a debida autorización como xestor ou transportista de residuos.”*

No art. 13. Taxa por entrega dos residuos. Queda redactado así. *“ Os custos dos servizos do punto limpo do Barco de Valdeorras poderán ser financiados coa correspondente taxa establecida na pertinente ordenanza fiscal”*



No art. 15. Prohibicións dos depositantes dos residuos. Modifícase o seguinte punto: “ *Punto 1. Depositar residuos non permitidos nesta norma.*”

No art. 16. Infraccións. Engádense as infraccións moi graves e recóllense modificacións nos seguintes puntos: “*Punto 1a. Depositar calquera outro tipo de residuo que non se atope establecido neste regulamento. De forma especial, o depósito de residuos non xerados no termo municipal do Barco de Valdeorras.*

*Punto 1d. Calquera infracción do establecido neste regulamento ou na normativa específica que non estea tipificada como grave ou moi grave.*

*2.- Infraccións moi graves:*

*Serán moi graves as infraccións que supoñan:*

- a. Unha perturbación relevante da convivencia que, afectando ao servizo público do punto limpo municipal, afecte de xeito grave, inmediato e directo á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non asumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1192, de 21 de febreiro, de Protección da Seguridade Cidadá que se refira ou afecte a este servizo público.*
- b. O impedimento do uso do servizo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.*
- c. O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento do servizo público.*
- d. Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo público.*
- e. O impedimento do uso dos espazos públicos do servizo por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.*
- f. Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos onde se desenvolve o servizo ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoebles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá”*

No art. 17 Sancións. Engádense o importe das infraccións moi graves, engádense o punto 2.c. e modifícase o punto 2.h. quedando como sigue: “*c. Infraccións moi graves. Multa de 1501 a 3000 euros.*

*Punto 2.c. Natureza dos prexuízos causados*

*Punto 2.h. Reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fora declarado por resolución firme.”*

No art. 18 Prescrición. Engádense o referente ás sancións por faltas moi graves, quedando redactado así: “ *Artigo 18. Prescrición. As infraccións leves prescribirán ós seis meses, as graves ós dous anos e as moi graves ós tres anos; as sancións impostas por faltas leves prescribirán ó ano, as impostas por faltas graves ós dous anos e as impostas por faltas moi graves ós tres anos. O Computo dos prazos de prescrición das infraccións e das sancións e a súa interrupción realizarase de conformidade co previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro.*”

### **3 Ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización de piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde di que aínda que o nome da ordenanza é ese a verdade é que a modificación solo afecta a dúas instalacións deportivas, concretamente ás escolas deportivas e á tarifa das piscinas ó aire libre, e que na propia Comisión se deu conta das condicións nas que se modificaba e que se lle remitiu aos voceiros por correo electrónico. Prosegue o Sr. Alcalde dando lectura ó ditame que copiado literalmente di: “1º A modificación da Ordenanza reguladora da TAXA POLA UTILIZACIÓN DE PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANALOGOS, que quedará redactada do seguinte xeito:

Artículo 6: Tarifas

Tarifa 1ª Entrada a piscinas:

- De nenos menores de 14 anos ..... 1,00 €/día
- Maiores de 14 anos ..... 1,50 €/día
- Bonos temporada niños .....19,21 €/temporada
- Bonos temporada adultos..... 38,53 €/temporada
- Bono familiar ..... 77,59 €/temporada

Tarifa 7ª escolas deportivas:

- Adultos .....75€ escola/ano
- Nenos .....50€ escola/ano

2º A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examinar o expediente na Secretaría do Concello e realizar as reclamacións que estimen oportunas.

- Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, á aprobación do Acordo definitivo.
- Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.
- O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.”

Concédeselle a palabra ó concelleiro delegado de deportes, Sr. Fernández Arias, que di que no relativo ás escolas deportivas hai un informe económico cos gastos estimados de ditas escolas e que aplicando as novas

tarifas, hai unha diferenza negativa de 72.173€ e un índice de cobertura do 35,95 por cento, moi por debaixo dos custos doutras vilas parecidas ó Barco de Valdeorras. O sr. concelleiro despois de dar lectura ás tarifas aplicadas noutros concellos, di que se pensou en subilas neste Concello porque levan sen modificarse dende o ano 2008, que aínda que pensa que os servizos dos concellos teñen que ser todos deficitarios, quen máis ten que pagalo é quen os utiliza. Prosegue o Sr. Fernández Arias dicindo as tarifas das piscinas están sen modificarse dende o ano 2000, que están obsoletas e teñen moitos gastos polo que non son rendables para o concesionario, e que ese é o motivo polo que se suben as tarifas.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que o Grupo de Goberno tivo sete intervencións e eles dúas, contestándolle o Sr. Alcalde que el non tivo máis que unha porque as outras foi para ler o ditame, que alguén ten que o ler. Segue a dicir o voceiro do PP que o concelleiro de deportes deu insuficientes explicacións, que el esperaba algunha argumentación máis, que veu os informes pero que pensa que de fondo hai algunha razón política máis. Di que estes servizos levan moito tempo sendo deficitarios pero o anterior concelleiro delegado de deportes negábase a facer modificacións e agora co actual concelleiro o Alcalde pode facer esa subida. Di o Sr. Blanco que o Alcalde fai as comparacións con outros concellos cando lle interesa e con quen lle interesa, que presume dun Concello con superávit, de remanente de tesourería positivos, duns datos económicos case increíbles, e á mínima apóiase neses argumentos para subir as tarifas. Di o concelleiro que a subida nas escolas deportivas, na taxa infantil, supón un 66% precisamente agora no peor momento, o de máis dificultade dos nosos veciños, de paro e de crise, se decide subir o 66% das taxas da escola para infantil e a do adulto o 50%, cando non se fixo na época na que había cartos. Di o Sr. Blanco que con respecto ás piscinas tampouco hai ningún criterio, que son dous servizos que están xestionados por unhas empresas, custándolle ó Concello xa uns cartos e agora modifican as taxas para compensar unhas posibles perdas. Di que deste xeito mañá serán as taxas do Conservatorio e despois outras. Reitera o Sr. Blanco que non é o momento máis axeitado para facer estas subidas e que ademais non estan xustificadas, que as taxas son as mesmas que as dos tres anos anteriores e non pasaba nada. Di o voceiro do PP que en novembro se subiron todas as taxas, despois de dicir que non se ían subir, aínda que o Sr. Alcalde dirá que Rajoy dixo o mesmo, pero que a el xa llo recordan nas Cortes, e que a el lle toca recordarllo no Pleno municipal e que cada un debe responder do que prometeu e non fai. Di o concelleiro que si tanto lle preocupa ó equipo de goberno o déficit que se xera debería reducir gastos que teñen en bens correntes e servizos, en gastos de persoal, en gastos de

teléfono, etc., que con esa redución cúbrese perfectamente o déficit das escolas deportivas ou das piscinas. Prosegue o Sr. Blanco dicindo que lle quere recordar ó Sr. Alcalde que o 31 de agosto finaliza o contrato prorrogado das escolas deportivas e que haberá que sacalo a concurso e que entón verase si se pode ofertar as mesmas disciplinas deportivas ou hai que chegar a algún tipo de colaboración cos clubs ou baixar o importe da licitación, que todo eso hai que estudialo ofrecéndolle ó Sr. Alcalde a colaboración do seu Grupo. Remata o Sr. Blanco dicindo que van votar en contra desta subida que califica de impresentable, sen criterio, e que soamente tiñan que cadrar as contas.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida di que o Sr. Alcalde xa farta, que quere contestar ó Sr. Alcalde que se debe utilizar o respecto mutuo, como cando el se dirixe ó sr. concelleiro. Prosegue o Sr. Serra dicindo que a evidencia de que o PSOE ten máis votos é que sacan adiante todo canto queren, ata metendo a man no peto dos e das barquenses, que a insistencia de que o BNG sacou poucos votos non demostra moito respecto polas minorías e que os 444 votantes do BNG son barquenses que merecen todo o respecto do Sr. Alcalde como os votantes do PSOE. Di o concelleiro, referíndose ás taxas, que hai oito meses aprobaron a suba de 21 taxas e impostos, sen o apoio do BNG, e que hoxe voltarán a aprobarse cunha suba indiscriminada de taxas. Di que a suba que propoñen para as piscinas semella anódina, ó falar duns céntimos, pero segundo as contas, indo de luns a xoves, a unha nai suponlle pagar polo seu fillo 14€ máis ó mes, ó mesmo que nas escolas deportivas nas que unha familia con dous nenos terá que pagar 40€ máis. Di o voceiro do BNG que para rematar quérelle lembrar ó Sr. Alcalde a situación económica que se está vivindo, e que o BNG vai a estar onde sempre estivo, a carón dos que máis o necesitan, polo que se negan a aceptar a subida de taxas proposta.

Pide a palabra o Sr. Fernández Arias e di que quere contestar aos dous voceiros que interviñeron e dirixíndose ó voceiro do PP di que el tamén esperaba outra forma de actuar do Sr. Blanco, porque pensa que é moi fácil facer demagogia cando se trata de diñeiro, pois a situación económica cando estaba o anterior concelleiro de deportes non é a mesma que a que teñen agora. Di que a Xunta daba corenta mil euros para as escolas deportivas e este ano deu cinco mil e que entón con ese recorte do 75 ou do 80% alguén o ten que pagar. Di o concelleiro que hai que poñerse ó día na cuestión das taxas, porque non pode ser todo gratis, aínda que pensa que as tarifas están por debaixo do 50% do que se debía cobrar, que no Concello do Barco estase a cobrar o 30% do que se cobra noutros concellos e que en relación coas tarifas das piscinas, se xustifica a súa subida porque non se modificaran dende o ano 2000.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que demagogia é que o Capítulo II de bens correntes e servizos aumente un 8% que representa máis de 270.000€ ó ano, ó que o concelleiro Sr. Fernández Arias contéstalle que estase a falar de deportes, non doutra cousa. Segue a dicir o Sr. Blanco que dos máis de 270.000€ a que fixo referencia poderíase recortar algo, así como dos gastos de teléfonos que son 39.500€. Di o concelleiro que en relación coa delegación do Sr. Fernández aumentou tamén o presuposto, por exemplo de parques e xardíns en 91.000€ con respecto ó ano pasado, e de aí poderíase recortar case a metade e non subir as taxas deportivas. Remata o Sr. Blanco dicindo que eles non van a ser cómplices desa subida de taxas e que van votar en contra.

Fai uso da palabra o Alcalde que di que hai que facer algunha puntualización para que non quede o debate sacado de contexto, que os números do Concellos son bos pero que realmente vaise a recibir menos diñeiro do Goberno Central, menos subvencións da Xunta e da Deputación. Que se está cumprindo cunha máxima que di o Goberno do PP e é que as Administracións teñen que cobrar as taxas correspondentes ós servizos que prestan, e que no Concello do Barco cando se queren cobrar as taxas polos servizos o grupo municipal do PP vota en contra. Di o Sr. Alcalde que quere desmentir a afirmación feita polo voceiro do PP en relación cos gastos de todos os teléfonos do Concello, dicindo que no último mes os gastos ascenderon a 600€. Di que cando se aprobaron as taxas no mes de outubro xa se dixo que se ían a actualizar as das escolas deportivas, que quedaran pendentes porque precisaban dun estudio económico ó ser unha actualización maior que a suba do IPC. Finaliza o Sr. Alcalde dicindo que el estaba moi contento co anterior concelleiro de deportes e que está igual de contento co actual.

Sen máis intervención, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por 9 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do PSOE) e 8 votos en contra (dos concelleiros dos grupos municipais do PP e do BNG) acorda:

**1º A modificación da Ordenanza reguladora da TAXA POLA UTILIZACIÓN DE PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANALOGOS, que quedará redactada do seguinte xeito:**

#### **Artículo 6: Tarifas**

##### **Tarifa 1ª Entrada a piscinas:**

**-De nenos menores de 14 anos ..... 1,00 €/día**

**-Maiores de 14 anos ..... 1,50 €/día**

- Bonos temporada niños .....19,21 €/temporada
- Bonos temporada adultos..... 38,53 €/temporada
- Bono familiar ..... 77,59 €/temporada

**Tarifa 7ª escolas deportivas:**

- Adultos .....75€ escola/ano
- Nenos .....50€ escola/ano

**2º A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examinar o expediente na Secretaría do Concello e realizar as reclamacións que estimen oportunas.**

- Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, á aprobación do Acordo definitivo.
- Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.
- O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

**4 Ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre declaración do dereito á bonificación do I.C.I.O. a solicitude da interesada.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, di o Sr. Alcalde que esta bonificación de ICIO é de Laura Fernández González en San Roque 24, que é unha obra menor e que conta cos informes favorables.

Sen máis intervencións, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno acorda:

**Primeiro: A declaración formal da obra solicitada por Laura Fernández González (R.E. 9 de maio de 2012) de interese social e histórico-artístico, por concorrer na edificación circunstancias de edificación de interese histórico, artístico e cultural.**

**Segundo: Propoñer a Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% do I.C.I.O..**

**5 Ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, sobre corrección de erro material na partida orzamentaria asociada ó Proxecto 2010-71 “Acheга campo de herba artificial de Viloira”**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde di que nos orzamentos habilitouse unha Partida de 60.000€ que aporta ó Concello ó campo de herba artificial no Campiño de Viloira, e figuraba na Partida 340-75011 “Acheга campo de herba artificial de Viloira”, e en vez de 75011 debe dicir exactamente 76111, pois había un erro na numeración da Partida.

Sen máis intervencións, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros do Pleno acorda:

**Corrixir o erro material do acordo relativo a modificación da partida orzamentaria de gastos asociada co proxecto 2010-71 tal e como segue:**

**1º.- Onde di:**

**340 - 75011 Acheга campo de herba artificial de Viloira.**

**Debe dicir:**

**340 – 76111 Acheга campo de herba artificial de Viloira.**

**6 Proposición presentada polo portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre derogación do Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, o Sr. Alcalde concédelle a palabra o Sr. Alonso Araújo, concelleiro delegado de educación, quen dá lectura á proposición presentada, que copiada literalmente, di:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno de España anunciou, unha vez aprobados os orzamentos do ano 2012, un recorte adicional de 10.000 millóns de euros, centrados en sanidade e educación, ao tempo que a prima de risco se disparaba. Corresponde ao gasto educativo, responsabilidade das comunidades autónomas, un 30% desa cifra total, é dicir, 3.000 millóns de euros que logo debe ser desagregada por territorios. A Galicia tocaralle unha parte, aínda sen determinar con exactitude por parte do Goberno de Núñez Feijóo.

As medidas previstas polo Real Decreto-Lei 14/2012, son nocivas para o sistema educativo, pero desde o PSdeG-PSOE dicimos algo máis: que esta política non é a única posible.

De acordo co Plan de Estabilidade 2012-2015 que remitiu o goberno Rajoy a Bruxelas, o gasto público do conxunto das administracións reducirase nun 19% até o 2015, para situarse nun 37% do PIB. A converxencia coa Europa adiantada esixe facer xusto o contrario do que se propón: reforzar a base impositiva do Estado, con tributos de ampla base e progresivos, para soste-uns servizos públicos universais e eficaces que reforcen a nosa competitividade.

O RD Lei citado establece:

- A posibilidade para as CCAA de elevar un 20% o número de alumnos por aula (o que elevará o número en primaria de 25 a 30; en secundaria de 30 a 36, e en Bacharelato e educacións especiais de 35 a 42 alumnos por aula), mentres a taxa de reposición de efectivos sexa inferior ao 50%, e todo iso sen ter en conta ao alumnado repetidor o que fai que na práctica as aulas de Primaria superen os 30 alumnos, as de Secundaria os 36 e as de Bacharelato os 42, masificando de forma moi grave as aulas nos centros educativos.
- A elevación das horas lectivas para os profesores por riba das obrigas actuais, fixándose un mínimo de 25 horas en primaria e de 20 en secundaria.
- A cobertura das baixas dos docentes sen recorrer a persoal adicional polos propios centros se son de menos de dez días laborais, ou sexa, dúas semanas enteiras, o que na práctica se traduce en que terán que ser os outros profesores dos centros os que se fagan cargo dos alumnos e, normalmente, en que non terán esas horas de clase. Esa era unha medida que xa impulsara a Xunta de Galicia.
- A eliminación transitoria de complementos retributivos ou retribucións variables.
- A redución da obriga legal de ofertar polo menos dúas modalidades de bacharelato nos centros, o que terá consecuencias negativas en todas as áreas, pero máis acentuadamente no rural. O que suporía unha reorganización moi marcada de moitos centros, facendo desaparecer algúns departamentos, recolocando a moito profesorado e, seguramente, facer innecesario a algún e afectando ás decisións das familias que verán como se aloxan as opcións de bacharelato. E inclusive, supoñendo unha redución do nivel pedagóxico dos centros.



- O aprazamento da actualización de módulos de ciclos formativos da FP ao curso 2014-2015 desde o 2012-2013. Aquí, de acordo con noticias de prensa, o Conselleiro xa anunciou que suspende a implantación de novos ciclos.
- O incremento das taxas universitarias, superando nalgúns casos o 50% de incremento que conxuntamente co recorte das bolsas ao estudio e primando outros criterios para a súa concesión que non son os económicos, van facer que á universidade so vaian a estudar os ricos, cortandolle esa posibilidade ao resto da poboación.

Criterio unánime de expertos, asociacións de pais e sindicatos é que estas medidas afectarán negativamente á calidade do ensino, contribuirán de forma decisiva ao despoboamento do rural ao eliminar os centros educativos actualmente existentes.

Así mesmo, favorecerán de forma clara e contundente ao ensino privado fronte á escola pública, ao tempo que se crea unha educación para ricos e outra para pobres, voltando así a situacións vividas na época predemocrática e que pensabamos que xamais voltarían.

Estas medidas provocarán unha redución notable do número de profesores, afectando en primeira instancia aos interinos e substitutos pero tamén posibilitando a non cobertura das baixas por xubilación que, no seu efecto acumulado en un horizonte medio, pode chegar a situarse no 20-30% do total (de feito, o gasto educativo no 2015 será un 21% inferior).

A masificación das aulas e o incremento das esixencias ao profesorado terán consecuencias sobre o nivel dos alumnos. A non cobertura de baixas, sumándose á asunción do custe das mesmas na maioría dos casos polos propios profesores, provoca un aforro adicional e un deterioro agudizado da docencia. Os alumnos deberán adicionalmente enfrontarse a unha oferta educativa adelgazada.

E os problemas de fondo do sistema educativo non se enfronta, con estas medidas, nin a porcentaxe demasiado elevada de fracaso escolar nin as deficiencias da FP, por exemplo. Polo contrario, cabe agardar unha intensificación dos problemas.

Por iso, o Grupo do PSdeG-PSOE no concello de O BARCO DE VALDEORRAS, diante do Pleno da Corporación Municipal presenta, para que sexa aprobada, a seguinte,

#### MOCIÓN

O Pleno do Concello, remitirá un escrito aos Presidentes dos Gobernos de España e de Galicia para que se derroque o Real Decreto-Lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

En O Barco a 30 de maio de 2012

Asdo. Eduardo Ojea Arias

Voceiro do Grupo do PsdeG-PSOE no Concello de O BARCO DE VALDEORRAS.”

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que o Grupo de Goberno non pode falar de herdanza recibida en canto a actualización de taxas porque é a súa propia herdanza, que o que si que hai é unha herdanza envelenada que recibe o actual goberno de España. Di o concelleiro que nestes intres estanse a debater moitas mocións deste estilo no Parlamento de Galicia, e que o que hai que dicir é que Galicia está nunha mellor posición con respecto ó resto de Comunidades do estado español. Dirixíndose ó Sr. Alonso di que na moción leu de que o Conselleiro anunciou que suspende a implantación de novos ciclos, pero o que non dixeron é que tamén o Presidente da Xunta anunciou que moitas das medidas que están contempladas no Real Decreto non as vai a poñer en práctica, pola flexibilidade que permite aos gobernos autonómicos e que destacou unha declaración do Conselleiro de educación pero as palabras do Presidente da Xunta non as citan. Di o voceiro do Grupo municipal do PP que a solvencia de Galicia e o traballo feito nestes últimos anos permite que a Comunidade teña unha oferta educativa moito máis ampla, máis moderna, máis ambiciosa e sobre todo ter un escenario moito máis flexible que o resto de Comunidades Autónomas. Di o concelleiro que entre as medidas temporais das que fala o Decreto, Galicia non vai subir os ratios dos números de alumnos por aula, a diferenza doutras comunidades, co que seguirá tendo un dos ratios por alumnos e por profesor máis baixos de España, cita de seguido o concelleiro algunhas outras medidas como o mantemento dos títulos de FP ou dos sexenios da carreira profesional docente, así como que o horario lectivo dos mestres de infantil e primaria xa está no mínimo esixido e que non sufrirá incremento. Prosegue dicindo o Sr. Blanco que segundo o anunciado polo Presidente da Xunta tampouco se aplicarán as reformas referentes ás modalidades de bacharelato, mantendo a oferta existente. Insiste o Sr. concelleiro que estas medidas xa as anunciou o Presidente da Xunta e o Conselleiro e aínda así non cren nelas.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida dá lectura á emenda presentada á moción do Grupo Socialista do Barco, que copiada literalmente, di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudiantís, partidos políticos...) constituiu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galiza ningún dos recortes contidos no RE Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galiza.

A Educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posibles. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeneracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso no é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis

educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estos recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- Incrementar as ratios a 30 alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizada do alumnado e atender as necesidades educativas específicas, e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.
- Impor unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias, e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.
- Non substituír o profesorado de baixa. Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.
- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Con graves consecuencias na formación do alumnado, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.
- Adiar a implantación de ciclos de formación profesional. Que prexudiza gravemente as persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.
- Incrementar as taxas universitarias. Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A moción que presenta o Grupo Socialista non fai diferenciación entre o presidente do Estado e o presidente de Galiza, por iso, presentamos esta emenda para que se substitúa “aos presidentes dos Gobernos de España e de Galiza” por “ao presidente do Goberno do Estado”, de xeito que quede como primeiro punto:

1 O PLENO DO CONCELLO REMITIRÁ UN ESCRITO AO PRESIDENTE DO GOBERNO DO ESTADO PARA QUE SE DERROGUE O RD-LEI 14/2010 DE 20 DE ABRIL, DE MEDIDAS URXENTES DE RACIONALIZACIÓN DO GASTO PÚBLICO NO ÁMBITO EDUCATIVO.

Ademais solicitamos que se engada o seguinte punto:

2 Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

O Barco, 7 de xuño de 2012.”

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo, quen unha vez concedida di que, en relación co expresado polo voceiro do PP, quere recordarlle algunhas cousas do pasado, e di que foi Zapatero quen meteu o país na media europea, da UE e da OCDE, en gastos de inversión en educación, que estabamos por debaixo, e que durante os gobernos do Partido Socialista estendese a educación obrigatoria, pública e gratuíta desde os 14 ós 16 anos, a educación gratuíta infantil dos 3 ós 6 anos, no ano 2010 co plan EDUCA empezouse a establecer a educación infantil gratuíta, de 0 a 3 anos, que as becas se converteron en dereitos pois o maior incremento de becas que houbo neste país foi co goberno Zapatero, adiantáronse, di o concelleiro, os estudos de inglés ata os 6 anos, se crearon préstamos, estableceuse a renda universidade a interese 0 para o estudio de másters por parte de alumnos con menos posibilidades económicas e alcanzouse unha inversión do 5,1% do PIB en gastos de educación, e que é para estar orgullosos dun pasado bastante brillante. Di o Sr. Alonso que o lastre que ten o PP agora mesmo son unhas declaracións que fixo Rajoy no seu momento e que van a pesar durante moito tempo, e di que foron as seguintes “meteré la tijera salvo en pensiones, sanidad y educación, donde no quiero recortar los derechos de los ciudadanos”, e que en tres meses se desfixo o que se levaba feito en cinco anos. Di o concelleiro que o goberno

do PP logrou o que nunca se conseguira na historia da democracia, poñer de acordo por primeira vez a todos os sindicatos de educación, ás asociacións de pais, de alumnos, etc., para unha folga xeral. Di que van conseguir que 100.000 profesores interinos e substitutos de toda España vaian ó paro, que a fábrica máis grande de parados agora mesmo neste país é o propio Goberno. Prosegue dicindo que ademais conseguirán que se perda calidade de ensinanza no país coa masificación das aulas, que coa subida das taxas universitarias haberá perda de igualdade de oportunidades. Di o concelleiro que en relación coas ratios, que citou o voceiro do PP, volvemos ás ratios de fai corenta anos, que eran as que había nos colexios nesa época. Prosegue o Sr. Alonso dicindo que reducir dun xeito tan draconiano os presupostos educativos, aumentando as taxas, é unha infamia e máis nunha situación de crises na que están a sufrir moitas familias. Di que o noso país non é rico en materias primas, nin en grandes industrias, pero o grande activo son os cidadáns e investir en formación sería a maior aposta de futuro económico para un país, que é o que se vai facer no país veciño de Francia onde, di o concelleiro, se anunciou a contratación de 5.000 profesores en cinco anos e en cambio aquí imos facer o contrario. Di que non se pode enganar á xente por parte do Goberno como cando se di que se necesitaba recortar dez mil millóns de euros na sanidade e na educación e de repente van a aparecer vintetrés mil millóns de euros para sanear Bankia. Di o concelleiro que indo polo camiño que vamos, seremos a primeira xeración na historia da humanidade que vai ter a dubidosa honra de deixarlle aos seus fillos en herdanza un mundo peor do que recibimos dos nosos pais. Para rematar, o concelleiro di que hai veces que debemos votar en conciencia e que agora mesmo é unha desas situacións.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que o seu Grupo xa votou nalgunha ocasión contra decisións adoptadas por outra administración da mesma cor política e non pasou nada, pero que non se pode chegar a acordos mentres non asuman a súa responsabilidade. Di, contestándolle ó Sr. Alonso, que o novo presidente francés non se atopou coas contas de Zapatero, entón non se pode comparar a situación, que no tema universitario o Presidente galego manifestou que vai negociar ata o final o incremento mínimo posible das taxas. De seguido o concelleiro pregunta ó Sr. Alonso si o seu partido está en contra de que os mestres galegos traballen igual que a media española, ou si está en contra dos recortes aos funcionarios e traballadores cando hai persoas que ven como se pechan os seus negocios ou empresas. Di que moitas das medidas das que se falou teñen carácter temporal e no relativo á ratio de alumnos por profesor en Galicia ten a máis baixa de España xunto con Cantabria e Asturias, segundo os datos, é de 9,7 alumnos por profesor fronte a media de

España que é 11,4. Di o Sr. Blanco que o concelleiro do PSOE defendeu que Zapatero investiu moito pero a realidade é que nese tempo ningunha das nosas universidades está nos primeiros trinta ou corenta postos do ranking de universidades e que no do fracaso escolar ten o exemplo de cando o bipartito chegou a Galicia no ano 2005, momento de bonanza económica, cunha taxa de abandono escolar do 23% e despois da súa lexislatura aumentou ao 26%, e agora sitúase nun 20,8%, que ó mellor non esta ligado o de maiores recursos maior eficiencia. Prosegue dicindo o concelleiro que estase nunha situación moi complicada e hai medidas que se teñen que adoptar. Remata o Sr. Blanco dicindo que van votar en contra e que evidentemente, aínda que a eles non lles corresponde aceptar a emenda do BNG, non cambia substancialmente o acordo.

Fai uso da palabra o Sr. Alonso Araújo para aclarar sobre o tema das ratio en Galicia, e di que eses ratios baixos se deben ó rural que está moi despoboado.

O voceiro do PSdeG-PSOE, no nome do seu Grupo municipal, acepta a emenda presentada polo BNG sendo introducida no presente acordo.

De seguido, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, e por 10 votos a favor (dos concelleiros dos grupos municipais do PSOE e do BNG) e 7 votos en contra (dos concelleiros do grupo municipal do PP) acorda:

**1º Remitir un escrito ao Presidente do Goberno do Estado para que se derroque o RD-Lei 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.**

**2º Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.**

**7 Proposición presentada polo voceiro do Grupo Municipal do P.P. sobre elaboración dun inventario municipal do arborado urbano.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos Concelleiros asistentes, pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo para explicar a moción presentada, dando lectura a meritada moción, que copiada literalmente di:

## **“ELABORACIÓN DE UN INVENTARIO MUNICIPAL DEL ARBOLADO URBANO**

Como cada año los efectos de los temporales en O Barco propician la rotura de algunos árboles. En nuestra reciente memoria están los destrozos ocasionados hace unas semanas por la caída de un árbol en un parque biosaludable del Paseo del Malecón. Podríamos recordar también cuando en el mes octubre del pasado año caía otro en este mismo paseo (en la zona de la playa fluvial), o como en enero del 2010 el graderío del Campo de Fútbol de Calabagueiros sufría también destrozos por la rotura de otro árbol.

Hechos que afortunadamente sólo nos han dejado daños materiales, con el correspondiente gasto económico, pero que tienen que hacernos reflexionar sobre otras posibles consecuencias más graves, ya que nos encontramos ante un peligro constante al tratarse de accidentes en zonas habitualmente muy frecuentadas por los ciudadanos.

Como reflexión cabría preguntarnos, ¿cuántos vendavales, huracanes o temporales han soportado ya algunos árboles de O Barco? ¿Cuántos podrán seguir soportando en condiciones normales? ¿Cuál puede ser el próximo en caer? Y lo más importante, ¿como es el estado de conservación en el que quedan después de soportar decenas y decenas de embestidas del viento?

Según se establece en la "Declaración del Derecho al Árbol en la Ciudad", conocida como "Carta de Barcelona", aprobada el 2 de Junio de 1995, el sistema de arbolado de nuestras ciudades es un sistema básico y como tal debe ser valorado, planificado y gestionado. Por eso, desde el Grupo Municipal Popular consideramos necesario la elaboración de un Inventario Municipal del Arbolado Urbano. Un documento que no se limite sólo al recuento de los árboles, sino que incluya información referente al número de pies, especies, variedades, edad aproximada, estado sanitario y localización con referencia a elementos concretos del viario urbano o agrupaciones singulares de árboles.

Con este inventario, al que podría añadirse una normativa específica para su desarrollo, estamos convencidos que el Concello contaría con una herramienta eficaz y de gran utilidad para la gestión diaria del mantenimiento de todo el arbolado de nuestras calles, plazas, paseos o parques facilitando la toma de decisiones y la adecuación de las actuaciones a las necesidades reales de cada uno.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente acuerdo:

-Con la participación de todos los grupos políticos, a través de la Comisión de Medio Ambiente, el Concello de O Barco se compromete a la elaboración de un Inventario Municipal del Arbolado Urbano.



O Barco, 3 de xuño de 2012.

Moisés Blanco Paradelo  
Portavoz do Grupo Popular de O Barco”

Engade o voceiro do Grupo municipal do P.P. que é un tema bastante claro, pois no Barco de Valdeorras temos bastantes árbores de certa idade e é unha realidade que están caendo, que no texto da moción cítanse tres exemplos aínda que solo foron danos materiais e afortunadamente non se tivo que lamentar ningún custo de carácter persoal. Di que un tema importante é o estado no que quedan as árbores despois de soportar un vendaval, pois parece que aguantan ben pero non sabemos a resistencia que terán despois dos danos.

Pide a palabra o Sr. Sierra Nieves, quen unha vez concedida di que ó BNG parécelle unha boa proposta, sempre e cando sirva para algo e sexa utilizada dende o Concello. Di que non só as árbores do Malecón teñen problemas senón que hai outras zonas verdes, como a das casas baratas, que tamén teñen ese tipo de problemas.

Pide a palabra o Sr. Alonso Araújo, quen unha vez concedida di que é moi difícil saber cómo está unha árbore por dentro logo dun vendaval, segundo comentou coa técnica de medioambiente. Di que os tres casos que se mencionan na moción son precisamente árbores propiedade da Confederación Hidrográfica, que están dentro do Concello. Di que o tema de facer un inventario xa se expuxo en medioambiente fai algo máis de dous anos, que están traballando no tema pero o problema é que non hai persoal, aínda que a técnica de medioambiente está disposta a colaborar no que faga falta, cando teña tempo e posibilidades. Di o concelleiro que querían facer un catálogo de todos as árbores do Concello e outro catálogo paralelo de árbores senlleiros, que merecen un coidado maior. Di que dende o 30 de maio no despacho de Secretaría hai unha solicitude de subvención ó Fondo de Cooperación Ambiental, dun vehículo todoterreo dotado con bomba e depósito de 500 litros, para poder acceder, entre outras cousas, a aqueles puntos máis complicados e poder regar aquelas árbores que non son accesibles doutra maneira. Di o Sr. Alonso que hai unha colaboración cun centro de Ponferrada, dun ciclo formativo forestal, que nos envían alumnos para facer as prácticas aquí, e xa veu o primeiro, que remata mañá, e o primeiro encargo que se lle fixo foi empezar a elaborar ese inventario de árbores, que o problema foi que debido ó atraso da Xunta de Galicia en sacar os plans de colaboración tívose que empregar a ese alumno nos parques e xardíns ao non ter persoal suficiente. Di o concelleiro que tamén

debido á crise económica, a falla de persoal, material e diñeiro, hai outras prioridades no Concello, pero de todas formas van a votar a favor porque é unha labor que xa estaban empezando a desenrolar. Remata o Sr. Alonso dicindo que para máis tranquilidade, as árbores do Malecón, que estean nunha situación perigosa, intentarán cortalas en outono, previo permiso da Confederación Hidrográfica.

Pide a palabra o Sr. Blanco Paradelo, quen unha vez concedida di que primeiro habería que clarificar cál sería o presuposto e despois por medio de axudas das distintas Administracións poder facelo. Di o concelleiro que sabía de que as árbores son de Confederación pero o que debe preocupar é que están no Concello do Barco. Pregunta ó Sr. Blanco polas árbores que se están empezando a cortar na avenida de Galicia, na marxe dereita e que non sabe si foi por recomendación do Concello ou por iniciativa privada.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para contestarlle ó Sr Blanco que se lle pediu verbalmente e finalmente por escrito aos donos en reiteradas ocasións, porque molestan moito pois están caídos sobre a beirarrúa e poden caer en calquera momento e esa é unha zona de paso , ademais lle fixemos nós incluso a solicitude de autorización á Confederación, porque están pegados ó regato Cigüeño. Di o Alcalde que conformábanse con que quitaran as árbores que están preto da beirarrúa pero que os donos prefiren xa quitar todos.

Rematado o debate, o Pleno do Concello, en votación ordinaria, e por unanimidade dos dezasete concelleiros, acorda:

**-Coa participación de todos os grupos políticos, a través da Comisión de Medio Ambiente, o Concello do Barco comprométese á elaboración dun Inventario Municipal do Arborado Urbano.**

## FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### **1 Mocións urxentes**

Di o Sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

### **2 Rogos e preguntas**

Pide a palabra a Sra Rodríguez Vázquez para facerlle un rogo ó Sr. Alcalde, consistente en que se lle preste máis atención ó local sito na esquina do Concello que da a rúa Marcelino Suárez, porque parece un punto de lixo cara ó cidadán. Que se podería evitar esa imaxe con fotos do Barco ou de deportes ou programas.

Di o Sr. Alcalde á concelleira que ese local prestóuselle á Subdelegación do Goberno que o utilizou para un tema do censo agrario, que vai pouco que o deixaron e non sabe a situación actual, que tomarán nota do asunto.

Pide a palabra a Sra. Delgado Fernández para facer unhas preguntas que teñen relación co concelleiro de deportes e que se refire ó cartel anunciador da competición de fútbol raiders que houbo o pasado fin de semana, no que se lee textualmente que todos os participantes deberán pasar por un fotocool instalado para dita actividade, onde se lle sacará unha foto de dito evento que será colgada na web do Concello para promocionar este tipo de actividades. Di que segundo o que di o cartel non é unha invitación senón que é unha obriga e pregúntalle ó concelleiro de deportes cantas autorizacións se asinaron para que os menores de idade pasaran polo fotocool e se este tipo de obrigas poden mermar a intención de participación de rapaces e rapazas e incluso a autorización dos pais e nais. Di a concelleira que moitas veces se compara ó Concello do Barco con outros Concellos máis grandes, como Ponferrada ou Carballiño para algunhas cousas e para outras parece que estamos nun pobo de douscentos habitantes.

Fai uso da palabra o Sr. Fernández Arias, concelleiro delegado de deportes, para contestarlle á Sra Delgado que quen fixo esa competición foi xente de Ponferrada que se prestou a elo e que fixo a competición como normalmente se fai en todos os sitios e que o de facer a foto sería co fin de darlle publicidade e promocionar ese deporte. Di o Sr. Fernández que quen pode dar máis explicacións sobre o tema non é el senón a animadora socioeducativa do Concello que foi quen o organizou.

### **3 Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende o nº 174/12 ata o nº 233/12, e das actas da Xunta de Goberno Local (sesións de 26 de abril e 3, 10 e 24 de maio de 2012).**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 174/12 ata o nº 233/12, e das actas das sesións da Xunta de Goberno Local celebradas os días 26 de abril e 3, 10 e 24 de maio de 2012.

#### **4 Dación de contas da Resolución da Alcaldía de data 21 de maio de 2012, relativa á modificación das delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local.**

Dáse conta pola alcaldía-presidencia da Resolución de data 21 de maio de 2012 sobre a modificación das delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local e que copiada literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE MODIFICACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

#### FEITOS

1 O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello do Barco de Valdeorras xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

2 A práctica diaria ven demostrando que determinadas delegacións na Xunta de Goberno esixen a avogación das competencias co obxecto dunha actuación eficaz e áxil da administración municipal. A máis abundamento, incluso os propios prazos que esixe a normativa vixente, por exemplo, en materia de contratación, esixen a avocación puntual de determinadas materias delegadas na Xunta de Goberno. Por todo isto, faise preciso unha remodelación nas delegacións conferidas na Xunta de Goberno Local.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 Por resolución da Alcaldía núm. 276/2011 do 15 de xuño de 2011, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

“TERCEIRO: Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións concretas que me asigna como delegables o art. 21 da Lei 7/1985, excepto:

- Ordenación de pago.
- Aprobación gastos de persoal.
- Aprobación modificacións presupostarias que no sexan competencias do Pleno.”

2 O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral, e as enunciadas nos

parágrafos a, e, j, k, l y m do apartado 1 deste artigo. O artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril establece que á Xunta de Goberno Local lle corresponde a asistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis, aínda que a competencia do parágrafo j pode ser delegada na Xunta de Goberno Local. Similar redacción atópase nos artigos 61 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

3 Logo de ver os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE número 305 do 22 de decembro do 1986).

Logo de ver canto antecede e considerando a competencia atribuída a esta Alcaldía polos artigos referidos, resolvo:

1º Modificar o réxime de delegacións conferido á Xunta de Goberno Local do Concello do Barco de Valdeorras pola resolución da Alcaldía núm. 277/2011 do 15 de xuño de 2011, de xeito que, a partir da data desta resolución, se delegan na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me atribúe a lexislación vixente:

- a) Concesión de toda clase de licencias de obra e instalación, as licencias de primeira ocupación e as licencias de apertura de establecementos e actividades.
- b) A concesión de autorizacións para a utilización privativa especial de bens de dominio público.
- c) A aprobación dos expedientes e acordos de clasificación de licitadores nas contratacións e concesións de toda clase, incluída a adquisición de bens e dereitos, cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente cando o valor estimado do contrato supere os 18.000 euros así como a modificación, resolución e imposición de penalidades por incumprimentos contractuais nos referidos expedientes de contratación e adquisición.
- d) O alleamento de bens e dereitos do patrimonio municipal cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente e o seu valor, excluído o I.V.E., supere os 18.000 euros.
- e) A aprobación da oferta de emprego público dacordo có presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- f) A declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.
- g) A análise, estudo e posterior acordo ou informe, segundo proceda, dos escritos e comunicacións de outras entidades ou organismos que requiran un acto administrativo resolutorio, de coñecemento ou de informe polo Concello, sen prexuízo de que, por razóns de urxencia, a Alcaldía realice estas actuacións dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.
- h) Concesión, transmisión ou modificación de licencias de auto-turismo.
- i) A concesión de subvencións.

- j) Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todas as facturas dentro dos límites que competan ó alcalde.
- k) A devolución ou incautación de garantías e avais e conceptos non presupostarios.
- l) A xustificación e aprobación das contas de pago a xustificar e anticipos de caixa fixa.
- m) Aprobación de asistencias aos órganos colexiados e asignacións aos grupos políticos municipais.
- n) A concesión de exencións e bonificacións tributarias. A compensación voluntaria e executiva de créditos.
- ñ) A devolución de ingresos. A anulación de ingresos e obrigacións.
- o) A aprobación das liquidacións e padróns fiscais.
- p) A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2º Ordear a súa publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ó Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

O Barco de Valdeorras, 21 de maio de 2012

O alcalde,

Alfredo L. García Rodríguez

D.M.

O secretario,

Jesús Tallón García.”

E non habendo máis asuntos que tratar polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:05 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

Jesús Tallón García

O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez